



# 20 anos de xogos interxeracionais en Ourense

Millán Brea Castro  
Universidade de Vigo  
millanbc@gmail.com

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932  
Páx. 50 - 51

No curso 2003-04, a educación social e o seu alumnado de Ourense loitaban por dar a coñecer a súa profesión a toda a sociedade. Esta «loita» pacífica, culminouse nunha proposta nacida nas oficinas de Aixiña, tras o encontro informal entre a coordinadora de Aulas e un estudante de 1º, que daquela exercía como traballador social.

Unha actividade que dende o comezo pretendía atoparnos e coñecernos, pero de xeito divertido, non caendo nas clásicas charlas ou conferencias que si, teñen a persoas de diferentes idades escoitando, mais non de xeito activo. E como podemos facer atractiva esta proposta? Pois non hai que pensar moito, xa que dá igual a idade, todas queremos e agradecemos XOGAR.

Xorden, deste xeito, as «Xornada Interxeracionais» con varios obxectivos consensuados entre ambas partes:

Facilitar a interacción entre diversas xeracións.

Promover a aprendizaxe cooperativa.

Incluír a Universidade na vida social da cidade de Ourense.

Foron varios meses de traballo -en horas fóra da aula- para realizar unha actividade da que carecíamos de información previa. Incluso existiron momentos de certa incerteza sobre o posible éxito ou non desta actividade que estaba emerxendo.

Debido ao compromiso das educadoras e educadores sociais e a boa acollida de ATEGAL, o día 29 de abril mediante unha primeira reunión na Praza Maior fixemos dúas importantes tarefas: coñecernos e xogar. A proposta concreta, que repite fórmula (con variantes e actualizacións) ano tras ano, é a seguinte.

O punto de encontro é na Praza Maior, para a lectura do Manifesto Interxeracional e para facer grupos de participantes. Unha vez feito, vaise ao Xardín do Posío, onde as estudantes ensinarán xogos actuais ás persoas maiores. Este é un punto clave: buscamos o intercambio de experiencias vitais.

Pola tarde, realizamos un xantar no Campus, e as persoas maiores son as que mostran os seus xogos ás máis novas.

Durante todos estes anos, tivemos actuacións, charlas e multitude de propostas paralelas, para acompañar este día e facelo moito máis lúdico:



Xogo con grupos / Programa de Radio Fedello

Lamatumbá, o Celso, os regueifeiros, Xerock, Cándido Pazó, El Patio... Ninguén pensaba que, despois de varios cursos, podíamos estar falando de 20 anos de xogos e tantas e tantas xeracións de estudantes.

É imprescindible destacar que esta actividade se fai de xeito gratuito (sen ningunha subvención), en horas fóra de clase do alumnado, e que cada dous anos os cursos rematan, polo que se ten que reciclar e nacer de novo para que se manteña.

Tamén, salvo algún curso no que aparece por fin nun programa dunha materia como aprendizaxe-servizo (algo que tería que ser obvio en Educación Social), implícanse persoas vencelladas á educación social e alumnas que están en cursos superiores, tratando de compaxinar horarios de aula que non permiten ausencias para traballaren na organización. É espectacular o compromiso de tantas e tantas persoas. Fai querer a profesión moito máis cando hai implicación e bo quefacer. ■

Primeiras Xornadas Interxeracionais